

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013448	Manuel Antonio	Vigo	2023/2024

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
TCP	Téxtil, confección e pel	CMTCP01	Confección e moda	Ciclos formativos de grao medio	Réxime de proba libre

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0270	Acabamentos en confección	2023/2024	0	140	0

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	MARTA MIRA MIÑONES, RAQUEL ÁLVAREZ GONZÁLEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

### 2.1. Primeira parte da proba

#### 2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Prepara máquinas e outros equipamentos de acabamentos en confección, xustifica a secuencia de operacións e identifica os parámetros de funcionamento.
RA2 - Remata o produto de confección, analiza as súas características e xustifica a técnica seleccionada.
RA3 - Aplica tratamentos especiais de remate de pezas e artigos téxtiles e de pel, e analiza os aspectos e as características que marcan as tendencias de moda.
RA4 - Pásalles o ferro a pezas e a artigos téxtiles, e analiza a calidade do produto final.
RA5 - Presenta artigos rematados, para o que analiza fichas técnicas, etiquetaxe e a normativa.
RA6 - Cumpre as normas de prevención de riscos laborais e ambientais no remate de produtos de confección, e identifica os riscos asociados e as medidas de protección.

#### 2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.1 Interpreouse a información e os manuais no referente ao funcionamento, á utilización e á posta a punto das máquinas e dos equipamentos de remate.
CA1.2 Describíronse as características das máquinas e dos equipamentos de remate.
CA1.3 Preparáronse os utensilios e os materiais requiridos para o remate de produtos de confección.
CA1.4 Comprobose o correcto funcionamento dos seus sistemas de seguridade.
CA1.5 Realizouse o mantemento de primeiro nivel das máquinas e dos equipamentos de remate.
CA1.6 Realizouse a preparación e mantemento con autonomía, orde, método e precisión.

Crterios de avaliación do currículo
CA2.1 Descríbóronse os procedementos de termofixación.
CA2.2 Descríbóronse as técnicas de remate: lavado, vaporización e secado.
CA2.3 Aplicáronse técnicas de termofixación.
CA2.4 Aplicáronse técnicas de remate en seco e húmidas.
CA2.5 Comprobose a calidade do remate e asegurouse de que o produto non sufra alteracións de forma.
CA2.6 Analizouse o comportamento dos materiais no proceso de remate.
CA3.1 Descríbóronse as características dos acabamentos especiais asociadas ás tendencias ou aos estilos de moda.
CA3.2 Preparáronse e programáronse equipamentos e máquinas para procesos especiais de acabamento.
CA3.3 Aplicáronse tratamentos especiais de remate de pezas para lles conferir características asociadas ás tendencias ou aos estilos de moda.
CA3.4 Identificáronse e preparáronse produtos químicos utilizados nos tratamentos especiais de acabamento.
CA3.5 Aplicáronse tratamentos especiais de avellentamento, plisaxe, abrasión local, etc.
CA3.6 Controláronse os parámetros de tempo, temperatura, presión e, de ser o caso, adición de produtos químicos ou abrasivos en cada un dos tratamentos especiais aplicados.
CA3.7 Pasóuselles o ferro ás pezas ou aos artigos tratados, para lles proporcionar a súa conformaxe prevista.
CA4.1 Recoñecéronse as máquinas, os equipamentos e os accesorios para a pasada do ferro a pezas e a artigos téxtiles.
CA4.2 Descríbóronse as fases do manexo de máquinas de pasar o ferro na confección á medida.
CA4.3 Aplicáronse técnicas de pasada para o remate das pezas confeccionadas á medida con tecidos de calada.
CA4.4 Aplicáronse técnicas de pasada para o remate das pezas confeccionadas á medida con tecidos de punto.
CA4.5 Aplicáronse técnicas de pasada para o remate das pezas de pel confeccionadas á medida.

**Crterios de avaliación do currículo**

CA4.6 Realizouse a presentación final das pezas de téxtil ou pel, procurando obter a aparencia máis selectiva posible.

CA5.1 Descríronse as técnicas e os materiais para a presentación de artigos acabados.

CA5.2 Aplicáronse técnicas para a presentación do artigo rematado.

CA5.3 Descríronse as características da etiquetaxe exterior.

CA5.4 Etiquetáronse pezas e artigos téxtiles e de pel.

CA5.5 Efectuouse a presentación final de artigos pregados, colgados en percha e embolsados.

CA5.6 Recoñecéronse os materiais e os tipos de almacenaxe das pezas e dos artigos acabados.

CA6.1 Identificáronse os riscos e o nivel de perigo que supón a manipulación de materiais, ferramentas e útiles para a confección á medida.

CA6.2 Operouse con máquinas de costura e acabado na confección á medida, respectando as normas de seguridade.

CA6.3 Identificáronse as causas máis frecuentes de accidentes na manipulación de materiais, ferramentas e máquinas para costura e acabamentos na confección á medida.

CA6.4 Descríronse as medidas de seguridade e de protección persoal que cumpra adoptar na preparación e na execución das operacións de confección á medida.

CA6.5 Relacionouse a manipulación de materiais, ferramentas e máquinas de coser e pasar o ferro coas medidas de seguridade e protección persoal requiridas.

CA6.6 Identificáronse as posibles fontes de contaminación do ámbito ambiental.

CA6.7 Valorouse a orde e a limpeza das instalacións e dos equipamentos como primeiro factor de prevención de riscos.

CA6.8 Aplicáronse técnicas ergonómicas nas operacións de confección á medida.

## 2.2. Segunda parte da proba

### 2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Prepara máquinas e outros equipamentos de acabamentos en confección, xustifica a secuencia de operacións e identifica os parámetros de funcionamento.
RA2 - Remata o produto de confección, analiza as súas características e xustifica a técnica seleccionada.
RA3 - Aplica tratamentos especiais de remate de pezas e artigos téxtiles e de pel, e analiza os aspectos e as características que marcan as tendencias de moda.
RA4 - Pásalles o ferro a pezas e a artigos téxtiles, e analiza a calidade do produto final.
RA5 - Presenta artigos rematados, para o que analiza fichas técnicas, etiquetaxe e a normativa.
RA6 - Cumpre as normas de prevención de riscos laborais e ambientais no remate de produtos de confección, e identifica os riscos asociados e as medidas de protección.

### 2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.3 Preparáronse os utensilios e os materiais requiridos para o remate de produtos de confección.
CA1.4 Comprobase o correcto funcionamento dos seus sistemas de seguridade.
CA1.5 Realizouse o mantemento de primeiro nivel das máquinas e dos equipamentos de remate.
CA1.6 Realizouse a preparación e mantemento con autonomía, orde, método e precisión.
CA2.3 Aplicáronse técnicas de termofixación.
CA2.4 Aplicáronse técnicas de remate en seco e húmidas.
CA2.5 Comprobase a calidade do remate e asegurouse de que o produto non sufra alteracións de forma.
CA2.6 Analizouse o comportamento dos materiais no proceso de remate.

**Crterios de avaliación do currículo**

CA3.2 Preparáronse e programáronse equipamentos e máquinas para procesos especiais de acabamento.

CA3.3 Aplicáronse tratamentos especiais de remate de pezas para lles conferir características asociadas ás tendencias ou aos estilos de moda.

CA3.5 Aplicáronse tratamentos especiais de avellentamento, plisaxe, abrasión local, etc.

CA3.6 Controláronse os parámetros de tempo, temperatura, presión e, de ser o caso, adición de produtos químicos ou abrasivos en cada un dos tratamentos especiais aplicados.

CA3.7 Pasóuselles o ferro ás pezas ou aos artigos tratados, para lles proporcionar a súa conformaxe prevista.

CA4.3 Aplicáronse técnicas de pasada para o remate das pezas confeccionadas á medida con tecidos de calada.

CA4.4 Aplicáronse técnicas de pasada para o remate das pezas confeccionadas á medida con tecidos de punto.

CA4.5 Aplicáronse técnicas de pasada para o remate das pezas de pel confeccionadas á medida.

CA4.6 Realizouse a presentación final das pezas de téxtil ou pel, procurando obter a aparencia máis selectiva posible.

CA5.2 Aplicáronse técnicas para a presentación do artigo rematado.

CA5.4 Etiquetáronse pezas e artigos téxtiles e de pel.

CA5.5 Efectuouse a presentación final de artigos pregados, colgados en percha e embolsados.

CA5.6 Recoñecéronse os materiais e os tipos de almacenaxe das pezas e dos artigos acabados.

CA6.2 Operouse con máquinas de costura e acabamento na confección á medida, respectando as normas de seguridade.

CA6.5 Relacionouse a manipulación de materiais, ferramentas e máquinas de coser e pasar o ferro coas medidas de seguridade e protección persoal requiridas.

CA6.7 Valorouse a orde e a limpeza das instalacións e dos equipamentos como primeiro factor de prevención de riscos.

CA6.8 Aplicáronse técnicas ergonómicas nas operacións de confección á medida.

### 3. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

- Acabado de pezas e de artigos.
- Identificación de máquinas de acabados.
- Interpretación do etiquetaxe exterior dos artigos acabados.
- Corrección de taras derivadas da fase de acabados.
- Enumeración e identificación dos procesos especiais de acabamentos de tecidos ou prendas.
- Enumeración e características fundamentais dos produtos químicos empregados nos acabamentos especiais de tecido ou artigos.
- Autonomía na execución das operacións de acabado e mantenza operativa das máquinas.
- Descrición dos requisitos necesarios para o almacenaxe e conservación de prendas e artigos.
- Cumprimento das normas de prevención de riscos laborais e protección medioambiental nos procesos de acabamentos

A primeira parte da proba ( parte teórica) terá carácter eliminatorio e se cualificará de 0 a 10 puntos. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos. Consistirá en proba escrita tipo Test ( cada pregunta tres respostas posibles), todas as preguntas teran o mesmo valor. Usarare a formula:

$$\frac{\text{ACERTOS} - (\text{ERROS}/2)}{10 \times \text{N}^\circ \text{ PREGUNTAS}}$$

Acertos; respostas acertadas. Erros; respostas incorrectas.

A primeira parte ten carácter eliminatorio. As persoas que non superen a primeira parte da proba serán cualificadas cun cero na segunda parte.

A segunda parte tamén terá carácter eliminatorio e se cualificará igualmente de 0 a 10 puntos. Para a súa superación os candidatos deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos.

A cualificación final correspondente ao módulo profesional, será a media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das partes, e será aplicada a partir un 5 en cada proba, expresada en números enteiros, redondeada a unidade máis próxima.

No caso dos aspirantes que suspendan a segunda parte da proba, a puntuación máxima que poderá asignarse será de catro puntos.

#### 4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

##### 4.a) Primeira parte da proba

A primeira parte da proba ( parte teórica) terá carácter eliminatorio e cualificarase de 0 a 10 puntos. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos. Consistira en proba escrita tipo Test ( cada pregunta tres respostas posibles), todas as preguntas teran o mesmo valor. Usarare a formula:

$$\frac{\text{ACERTOS} - (\text{ERROS}/2)}{10 \times \text{N}^\circ \text{ PREGUNTAS}}$$

Acertos; respostas acertadas. Erros; respostas incorrectas.

Os contidos estarán relacionados cos resultados do aprendizaxe e os criterios de avaliación que se estableceron no punto 2.

O candidato contará con 1 hora para realizar a proba.

O material necesario será un bolígrafo, calculadora, dni

A non presentación do DNI, non dará acceso a realización do exame.

Non está permitido o uso do móbil. Deixarase baixo a supervisión da profesora.

##### 4.b) Segunda parte da proba

Consistira en un ou varios supostos prácticos, nos que o/a candidato/a debe demostrar o seu manexo dos contidos relacionados cos resultados do aprendizaxe e os criterios de avaliación que se estableceron no punto 2.

Un 90% do total da puntuación , corresponderá a valoración das respostas ou destrezas demostradas polo candidato/a.

Un 10% corresponderá as aptitudes amosadas durante a realización da proba en:orde, limpeza, aplicación das medidas de seguridade, hixiene e ergonomia.

O manexo indebido de algunha máquina,ferramente, instalación.... valorarase polo docente e podra ser motivo de suspenso.

O/a candidato/a debera presentarse co seguinte material: DNI, tesoiras, dedal, agullas de man , alfinetes e cinta métrica.

A duración de esta proba será de 3 horas.

A non presentación do DNI, supora o non acceso a realización do exame.





Non se permite o uso do teléfono móbil. Quedara baixo a supervisión da profesora o inicio da proba.